

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

RESOLUCIÓN do 27 de decembro de 2017 pola que se procede á convocatoria pública da axuda, en réxime de concorrencia non competitiva, ás persoas inquilinas afectadas por execucións hipotecarias das vivendas arrendadas, no marco do Programa Aluga, no exercicio 2018.

O número 2 da disposición derogatoria única do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, derroga o Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia, agás para o suposto de adxudicación directa de vivendas no marco do programa de realoxamento para as persoas afectadas por execucións hipotecarias, que se rexerá polo citado decreto.

Así mesmo, o artigo 2 da Orde do 16 de maio de 2013, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, determina como colectivo de atención preferente con axudas excepcionais as persoas afectadas por execucións hipotecarias no marco do Programa Aluga e establece as regras específicas para a determinación da contía da axuda ás persoas inquilinas cando se trate dese colectivo.

En consecuencia, de conformidade co anterior, procede realizar unha nova convocatoria de axudas ás persoas inquilinas afectadas por execucións hipotecarias para o ano 2018, na cal poderán solicitar aquelas persoas que prorroguen a axuda do Programa Aluga que xa están desfrutando, así como as persoas afectadas por execucións hipotecarias para o suposto de adxudicación directa de vivendas no marco do programa de realoxamento.

Esta convocatoria suxeitarase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, así como ao establecido no Decreto 84/2010, do 27 de maio. A súa tramitación axústase á Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de axudas e subvencións no exercicio inmediatamente



anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos. Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 habilítanse créditos para o financiamento da axuda ás persoas inquilinas do Programa Aluga.

De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co artigo 36 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, e co artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo, a competencia correspóndelle á Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

Primeiro. *Bases reguladoras*

As bases reguladoras da axuda prevista nesta convocatoria están recollidas no capítulo III do título IV (artigos 43 ao 46) do Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do alugamento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG) núm. 103, do 2 de xuño, (corrección de erros no DOG núm. 114, do 17 de xuño). Así mesmo, débese ter en conta a Orde do 16 de maio de 2013 pola que se determinan como colectivo de atención preferente con axudas excepcionais as persoas afectadas por execucións hipotecarias no marco do Programa Aluga (DOG núm. 103, do 31 de maio).

Segundo. *Obxecto*

O obxecto desta resolución é convocar para o ano 2018, en réxime de concorrencia non competitiva, as axudas para o financiamento parcial da renda dos contratos de arrendamento formalizados no marco do Programa Aluga, dirixidas ao colectivo de persoas afectadas por execucións hipotecarias. Código do procedemento VI431F.

Terceiro. *Orzamento*

1. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para os exercicios 2018 e 2019 é a 08.80.451B.480.2.



Os importes máximos, tanto das subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2018 como das imputacións para os exercicios orzamentarios 2018 e 2019, son os seguintes:

Aplicación orzamentaria	Proxecto	Importe máximo 2018-2019	Imputación exercicio 2018	Imputación exercicio 2019
08.80.451B.480.2	2013 00029	50.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €

2. De conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, o outorgamento destas subvencións queda supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa concesión.

3. A contía establecida poderá ser obxecto de ampliación mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), que terá efecto logo da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 30 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cuarto. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas integrantes de unidades familiares ou de convivencia afectadas por execucións hipotecarias e que reúnan os requisitos e as condicións sinalados no artigo 43.2 do Decreto 84/2010, do 27 de maio.

Quinto. *Contía da axuda*

1. De conformidade co establecido no artigo 2 da Orde do 16 de maio de 2013, ás persoas afectadas por execucións hipotecarias non lles será de aplicación o límite establecido no artigo 44.1 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, relativo á parte da renda do alugamento que estas persoas deben asumir. As porcentaxes que se aplicarán sobre o prezo anual da renda para a determinación da contía máxima da subvención neste suposto, segundo os tramos de ingresos, son as seguintes:

Ingresos inferiores a 1 vez o IPREM: 100 % da renda anual do alugamento.

Ingresos entre 1 e menos de 2 veces o IPREM: 70 % da renda anual do alugamento.

Ingresos entre 2 e ata 2,5 veces o IPREM: 60 % da renda anual do alugamento.



2. A concesión da subvención ten efectos desde a data do primeiro día da vixencia do contrato de arrendamento ou da súa prórroga, por un período de ata doce (12) meses, que se pagará mensualmente, e a súa concesión pode acadar ata un período máximo de cinco (5) anualidades. Todo isto condicionado á vixencia do contrato de arrendamento e ao cumprimento do pagamento mensual da renda na parte correspondente á persoa arrendataria no prazo estipulado.

Sexto. *Solicitudes*

1. A solicitude de concesión será realizada pola persoa titular do contrato de arrendamento mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo I a esta resolución, debidamente cuberto. Deberase dirixir á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda.

2. As solicitudes presentarase preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Tamén se poderán presentar as solicitudes presencialmente por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. No modelo de solicitude, a persoa solicitante realizará as seguintes declaracións:

a) Declaración de non ter solicitado ou obtido ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida.

c) Declaración de que todos os datos da solicitude son certos.

d) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 43.2 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, e na Orde do 16 de maio de 2013, que son:

– Ser titular dun contrato de arrendamento formalizado no marco do Programa Aluga.



– Ocupar a vivenda como domicilio habitual e permanente da unidade familiar ou de convivencia.

– Non ter relación de parentesco en primeiro ou segundo grao, por consanguinidade ou afinidade, coa persoa arrendadora ou, se é o caso, non ser socio ou partícipe da persoa xurídica que actúa como arrendadora.

– Ter uns ingresos anuais ponderados que non exceden 2,5 veces o IPREM.

– Non ser titular doutra vivenda, salvo as excepcións previstas na normativa vixente.

– Estar ao día no pagamento da renda mensual do alugamento e, no caso de solicitude de subvención por prórroga do contrato de arrendamento, non ter pendente de pagamento ningún recibo das subministracións básicas da vivenda, auga, electricidade e/ou gas.

– Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da citada lei, e coas previstas no Decreto 84/2010, do 27 de maio.

– Estar ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro de subvencións.

Sétimo. *Documentación complementaria*

1. Xunto coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

a) Anexo II, de comprobación de datos das persoas que integran a unidade de convivencia, distintos da persoa solicitante.

Se as persoas integrantes da unidade de convivencia non presentan a declaración do imposto da renda das persoas físicas (en diante, IRPF), deberase achegar a declaración responsable de todos os ingresos da unidade familiar ou de convivencia, debidamente xustificada e referida ao último período impositivo co prazo de presentación vencido.

No caso de ingresos obtidos no estranxeiro, deberase achegar a copia da declaración similar presentada no estranxeiro, autenticada pola agregadoría laboral correspondente ou



pola delegación consular en España e, de ser o caso, o certificado de correspondencia a euros do importe declarado.

b) Para o caso dunha solicitude de subvención por prórroga do contrato de arrendamento, deberanse achegar os xustificantes de pagamento dos últimos doce meses dos recibos de auga, electricidade e/ou gas.

c) Certificado acreditativo de discapacidade para o suposto de que o documento non deba ser expedido pola Xunta de Galicia, no caso de que a persoa solicitante, ou calquera das persoas que figuran no anexo II, faga constar na solicitude que lle é de aplicación esta circunstancia.

Oitavo. *Forma de presentación da documentación complementaria*

1. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Tamén se poderá presentar en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Para o caso de que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

3. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais, sempre que exista constancia de que sexan auténticas. Excepcionalmente, o IGVS poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Noveno. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) da persoa solicitante e, de ser o caso, da persoa representante, así como das persoas que integran a unidade de convivencia que figuran no anexo II.

b) Certificado de empadramento da persoa solicitante e das persoas que integran a unidade de convivencia que figuran no anexo II.



c) Certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT), da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, correspondentes á persoa solicitante e ás persoas que integran a unidade de convivencia e que figuran no anexo II.

d) Certificado da renda (IRPF) da persoa solicitante, así como de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia que figuran no anexo II, referida ao último período impositivo co prazo de presentación vencido.

e) Certificado do nivel de renda da persoa solicitante, así como de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia que figuran no anexo II expedido pola AEAT correspondente ao último período impositivo co prazo de presentación vencido.

f) Certificado acreditativo de discapacidade para o suposto de que o documento deba ser expedido pola Xunta de Galicia, no caso de que a persoa solicitante, ou calquera das persoas que figuran no anexo II, faga constar na solicitude que lle é de aplicación esta circunstancia.

2. No caso de que a persoa solicitante e, de ser o caso, a persoa representante ou os demais membros da unidade familiar se opoñan expresamente a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado na solicitude e no anexo II, respectivamente, e achegar os documentos correspondentes.

3. No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo. *Prazo de presentación de solicitudes*

De conformidade co establecido no artigo 45.3 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, as solicitudes de axuda ás persoas inquilinas deberanse presentar antes do día 10 do mes da data de efectos do contrato de arrendamento formalizado ao abeiro do Programa Aluga.

No caso de prórroga do contrato de arrendamento, a solicitude deberase presentar antes do día 15 do segundo mes anterior ao do vencemento da vixencia do contrato ou, de ser o caso, da súa prórroga.



Décimo primeiro. *Órganos competentes para a instrución e resolución*

1. A tramitación, instrución e a formulación da proposta de resolución da axuda ás persoas inquilinas é competencia da área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda.
2. Correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver sobre a concesión das axudas.

Décimo segundo. *Procedementos de concesión e requirimentos de emenda*

1. O procedemento iníciase de oficio, en réxime de concorrencia non competitiva, mediante a presente convocatoria.
2. Se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez (10) días hábiles a emende ou achegue os documentos preceptivos, advertíndoa de que, no caso de non atender o requirimento, se terá por desistida da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
3. De conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda poderanse facer mediante publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web do IGVS.
4. Unha vez completado o expediente e feitas as comprobacións oportunas, a persoa titular da xefatura da correspondente área provincial do IGVS elevará a proposta de resolución de cada expediente á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS quen, á vista delas e tendo en conta o límite orzamentario, resolverá o que segundo en dereito proceda.

Décimo terceiro. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Non obstante, as persoas interesadas tamén os poderán presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo cuarto. Resolución e recursos

1. As solicitudes da axuda ás persoas inquilinas resolveranse no mesmo mes da súa presentación, agás nos supostos de solicitudes de subvención por prórroga do contrato de arrendamento, que se poderán resolver no mes seguinte ao da súa presentación, segundo o establecido no artigo 45.8 do Decreto 84/2010, do 27 de maio. Transcorrido o prazo sinalado sen se ditar resolución expresa, entenderase rexeitada a solicitude.

2. Contra a resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo, ante o órgano competente desta xurisdición, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

Décimo quinto. Causas de denegación

1. Será causa de denegación da subvención o incumprimento dalgún dos requisitos exixidos na normativa que rexe estas subvencións.

2. Así mesmo, serán denegadas aquelas solicitudes que non dispoñan de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución. Para estes efectos, o criterio que se utilizará para a súa tramitación será a orde cronolóxica de entrada da solicitude no rexistro da área provincial do IGVS. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que esta quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta orde.

Décimo sexto. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e demais actos administrativos realizaranse preferentemente por medios electrónicos. A persoa interesada deberá manifestar expresamente na súa solicitude a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). Non obstante, as persoas interesadas poderán comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

2. As notificacións que se efectúen en papel tamén estarán á disposición da persoa interesada a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.



3. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde á posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, o IGVS efectuará a notificación por calquera outro medio dos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo sétimo. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e co Decreto 132/2016, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o IGVS publicará no DOG e na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no DOG.

Décimo oitavo. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento,



cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e con entidades», co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral do IGVS. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer, ante a Secretaría Xeral do IGVS, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Área Central, s/n; polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a aluga.igvs@xunta.gal

Décimo noveno. *Eficacia*

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Ethel M^a Vázquez Mourelle
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ANEXO I


PROCEDIMENTO PROGRAMA ALUGA: AXUDA ÁS PERSOAS INQUILINAS AFECTADAS POR EXECUCIÓNS HIPOTECARIAS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO VI431F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
As notificacións que se efectúen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDIMENTO	
TIPO DE AXUDA QUE SE SOLICITA	
<input type="radio"/> NOVO CONTRATO <input type="radio"/> PRÓRROGA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO	
CÓDIGO IDENTIFICATIVO DA VIVENDA (VIVAL)	CÓDIGO DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO (ALC)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO	Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR OU CONVIVENCIAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>
PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:	
- As solicitudes de axuda deberanse presentar antes do día 10 do mes da data de efectos do contrato de arrendamento formalizado ao abeiro do programa Aluga.	
- No caso de prórroga do contrato de arrendamento, a solicitude deberase presentar antes do día 15 do segundo mes anterior ao do vencemento da vixencia do período inicial ou da correspondente prórroga do contrato de arrendamento.	
NOTA IRPF: de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 84/2010, do 27 de maio, infórmase de que as subvencións públicas tributan en concepto de incremento patrimonial na declaración do imposto da renda das persoas físicas (IRPF).	

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 61w9vy67-fml4-lsv1-6b00-6zlicosgjik1


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente calquera outra subvención que lle sexa concedida, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude son certos.

4. Ser titular dun contrato de arrendamento formalizado no marco do Programa Aluga.

5. Ocupar a vivenda como domicilio habitual e permanente da unidade familiar ou de convivencia.

6. Non ter relacións de parentesco en primeiro ou segundo grao por consanguinidade ou afinidade coa arrendadora. Ou, se é o caso, non ser socio ou participe da persoa xurídica que actúa como arrendadora.

7. Ter uns ingresos anuais ponderados que non excedan 2,5 veces o IPREM.

8. Non ser titular doutra vivenda, salvo as excepcións previstas na normativa vixente.

9. Estar ao día no pagamento da renda mensual do alugamento e, no caso de solicitude de subvención por prórroga do contrato de arrendamento, non ter pendente de pagamento ningún recibo das subministracións básicas da vivenda, auga, electricidade e/ou gas.

10. Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia, e cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da dita lei e coas previstas no Decreto 84/2010, do 27 de maio.

11. Estar ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro de subvencións.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Anexo II, de comprobación de datos das persoas que integran a unidade de convivencia distintos da persoa solicitante.
 Declaración responsable de todos os ingresos da unidade familiar ou de convivencia, debidamente xustificada e referida ao último período impositivo co prazo de presentación vencido, no caso de non presentar a declaración do imposto da renda das persoas físicas.
 No caso de ingresos obtidos no estranxeiro, deberá achegar copia da declaración similar presentada no estranxeiro, autenticada pola agregadoría laboral correspondente ou pola delegación consular en España e, de ser o caso, o certificado de correspondencia a euros do importe declarado.
 No caso de solicitude de subvención por prórroga do contrato de arrendamento, ademais da restante documentación deberanse achegar os xustificantes de pagamento dos últimos doce meses dos recibos de auga, electricidade e/ou gas.
 Certificado acreditativo de discapacidade para o suposto de que o documento non deba ser expedido pola Xunta de Galicia, no caso de que a persoa solicitante, ou calquera das persoas que figuran no anexo II, faga constar na solicitude que lle é de aplicación esta circunstancia.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de empadramento da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado da renda (IRPF) da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado do nivel de renda da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**ANEXO I**
(continuación)

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "Relacións administrativas coa cidadanía e con entidades" co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral do IGVS. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer, ante a Secretaría Xeral do IGVS, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Área Central, s/n; polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a aluga.igvs@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia.


Orde do 16 de maio de 2013 pola que se determina como colectivo de atención preferente con axudas excepcionais as persoas afectadas por execucións hipotecarias no marco do Programa Aluga.

Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 27 de decembro de 2017 pola que se procede á convocatoria pública da axuda, en réxime de concorrencia non competitiva, ás persoas inquilinas afectadas por execucións hipotecarias das vivendas arrendadas, no marco do Programa Aluga, no exercicio 2018.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo de **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO II

**COMPROBACIÓN DE DATOS DAS PERSOAS QUE INTEGRAN A UNIDADE DE CONVIVENCIA DISTINTOS DA PERSOA SOLICITANTE.
VI431F - PROGRAMA ALUGA: AXUDA ÁS PERSOAS INQUILINAS AFECTADAS POR EXECUCIÓNS HIPOTECARIAS**

As persoas abaixo relacionadas declaramos que son certos os datos da presente declaración e que a unidade familiar** está composta polos membros que se reflicten neste anexo. Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos relativos.

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, aceptan a incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de terceiras persoas interesadas menores de idade, o presente documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal.

* No caso de que unha unidade de convivencia estea formada por máis dunha unidade familiar, haberá que cubrir o número correspondente de follas.

** A unidade familiar, tal e como resulta definida polas normas reguladoras do IRPF, está composta por: a) cónxuxes non separados legalmente e fillos/as menores de idade ou maiores incapacitados xudicialmente ou coa patria potestade prorrogada. b) Pai ou nai solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a ou separado/a legalmente e os/as fillos/as menores que con el ou ela convivan, así como os/as fillos/as maiores incapacitados ou coa patria potestade prorrogada. As referencias á unidade familiar para os efectos de ingresos fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

APELIDOS E NOME	NIF	PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	OPÓÑOME Á CONSULTA									SIGNATURA
			O MEMBRO DA UNIDADE DE CONVIVENCIA TEN INGRESOS NO ESTRANXEIRO? (1)	DNI OU NIE	CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO	CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE (2)	CERTIFICADO DE DÉBEDAS COA AEAT	CERTIFICADO DE DÉBEDAS COA SEG. SOCIAL	CERTIFICADO DE DÉBEDAS COA ATRIGA	CERTIFICADO DA RENDA (IRPF)	CERTIFICADO DO NIVEL DE RENDA	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

(1) De ser afirmativa a resposta, deberase achegar a documentación acreditativa correspondente

(2) Cubrir só en caso de que lle sexa de aplicación

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberanse cubrir e enviar tantos anexos II como sexan necesarios.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "Relacións administrativas coa cidadanía e con entidades" co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral do IGVS. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer, ante a Secretaría Xeral do IGVS, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Área Central, s/n; polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a aluga.igvs@xunta.gal

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de



Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo de